

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 16 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017.*

Mediante a Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 119, do 23 de xuño), establecéronse as bases reguladoras e convocáronse as subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade no ano 2017 a través dos seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (procedemento SI435B).
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (procedemento SI435A).
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (procedemento SI427B).

Segundo o artigo 16.3 da citada resolución, e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

Unha vez rematada a fase de instrución das solicitudes recibidas na Secretaría Xeral da Igualdade, avaliadas as solicitudes pola comisión de valoración prevista no artigo 14 das bases reguladoras, vista a proposta de resolución formulada polo órgano instrutor e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as subvencións para o financiamento dos programas das entidades locais que se indican no anexo I, como consecuencia da aplicación dos criterios e pautas



de valoración establecidos no artigo 15 das bases reguladoras, pola contía e polo desenvolvemento da actuación que figuran no anexo, por un importe total de 3.597.893,09 €, distribuídos nas aplicacións orzamentarias que se indican.

Aplicación	Código de proxecto	Importe
05.11.312G.460.1	2016 00018	485.447,56 €
Exercicio 2017 - 05.11.313B.460.0	2015 00144	2.051.942,12 €
Exercicio 2018 - 05.11.313B.460.0	2015 00144	1.060.503,41 €

Recórdaselles ás entidades beneficiarias que, de acordo co establecido no artigo 20.2 das bases reguladoras, se realizará un primeiro pagamento do 75 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez que se realice a notificación da resolución. No programa de apoio aos CIM a contía do anticipo non poderá ser superior ao importe da subvención imputada ao exercicio 2017; se for o caso, o importe do anticipo reducirase ata o dito límite.

O 25 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta resolución.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 19.1 da convocatoria, a data límite para a presentación da documentación xustificativa da actuación subvencionada necesaria para proceder ao pagamento da subvención é a seguinte:

a) Programa de fomento da conciliación e programa de prevención da violencia de xénero: o prazo para presentar a xustificación das medidas subvencionadas ao abeiro destes programas finaliza o 18 de outubro de 2017.

b) Programa de apoio aos CIM: o prazo para presentar a documentación xustificativa da actuación subvencionada finaliza o 18 de abril de 2018.

Dentro do dito prazo, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación común e a específica correspondente á actuación subvencionada relacionada no artigo 19.3 da convocatoria. De acordo co establecido no artigo 11.6 das bases reguladoras, a presentación da documentación deberá realizarse electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Non obstante, para xustificar o custo real dos gastos directos de persoal, deberá presentarse a



documentación orixinal relacionada no número 3.2.c) do artigo 19. Así mesmo, os datos do perfil e dos indicadores de produtividade e de resultado das persoas participantes achegaranse a través da aplicación informática Participa 1420.

Segundo. Excluir e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo II, con indicación da causa específica, por non cumpriren o requisito de emenda e/ou achega dos documentos preceptivos no prazo establecido, segundo o disposto no artigo 13 das bases reguladoras, ou ben por non cumpriren algún dos requisitos establecidos nas referidas bases.

Terceiro. Informar as entidades beneficiarias que figuran no anexo I desta resolución do seguinte:

a) Estas axudas están cofinanciadas polo FSE nunha porcentaxe do 80 % no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020. No caso do programa de fomento da conciliación, no obxectivo temático 8, «promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral», prioridade de investimento 8.4, «a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluídos o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo», obxectivo específico 8.4.2, «(Re)integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral»; e no caso dos outros dous programas de prevención da violencia de xénero e de apoio aos CIM, no obxectivo temático 9, «promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», prioridade de investimento 9.3, «a loita contra toda forma de discriminación e o fomento da igualdade de oportunidades», obxectivo específico 9.3.1, «aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables, a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, e evitar, pola súa vez, a discriminación múltiple».

b) A aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos ou das beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, en relación co artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

c) Estas axudas son incompatibles con outras axudas para a mesma actuación ou actividade nos termos establecidos no artigo 3 da convocatoria.



d) As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, os requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na demais normativa europea de aplicación, así como coas condicións e obrigas establecidas no artigo 21 das bases reguladoras e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación.

e) No artigo 6.7, no artigo 7.6, no artigo 8.7 e no artigo 23 das bases reguladoras establécense os criterios de gradación dos posibles incumprimentos que determinan, de ser o caso, a perda do dereito ao cobramento da subvención, a minoración da subvención inicialmente concedida ou, de ser o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida.

Cuarto. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interperse recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta publicación.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade





## ANEXO I Concesións

a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (SI435B).

Nº de expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Actuación	Gasto elixible (*)	Puntos	Concesión
SI435B 2017-01	Concello da Bola	P3201500J	Programa de fomento da conciliación	4.667,88	40,25	4.667,88
SI435B 2017-04	Concello da Pobra do Caramiñal	P1506800J	Campamento de conciliación e de servizo de madrugadores	41.535,08	51,50	12.000,00
SI435B 2017-40	Concello da Veiga	P3208400F	Programa de conciliación municipal	16.462,40	44,25	12.000,00
SI435B 2017-51	Concello das Neves	P3603400G	Campamento de verán	6.903,75	35,50	6.903,75
SI435B 2017-58	Concello de Alfoz	P2700200E	Apertura do CEIP fóra do horario lectivo	8.928,08	42,50	8.400,00
SI435B 2017-23	Concello de Arbo	P3600100F	Arbo concilia	2.604,73	42,75	2.604,73
SI435B 2017-35	Concello de Avión (agrupado co Concello de Melón )	P3200500A	Banco de tempo	6.583,22	56,25	6.583,22
SI435B 2017-52	Concello de Barbadás	P3200900C	Campamentos de verán	9.377,06	28,25	9.377,06
SI435B 2017-38	Concello de Boimorto	P1501000B	Actividades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o período de vacacións de verán e no Nadal	2.030,00	35,50	2.030,00
SI435B 2017-54	Concello de Boiro	P1501100J	Campamentos urbanos	5.516,00	29,50	5.516,00
SI435B 2017-43	Concello de Cabanas	P1501500A	Cabanas concilia	7.727,27	37,00	7.727,27
SI435B 2017-20	Concello de Cambre	P1501700G	Concilia Cambre	33.476,51	29,50	12.000,00
SI435B 2017-39	Concello de Cariño	P1509500C	Concilia Cariño todo o ano	13.235,33	46,50	12.000,00
SI435B 2017-02	Concello de Carral	P1502100I	Escola de verán	18.200,00	39,50	12.000,00
SI435B 2017-24	Concello de Castrelo do Val	P3202200F	Xogamos, rimos, igualamos	8.400,00	35,50	8.400,00
SI435B 2017-30	Concello de Catoira	P3601000G	Programa de fomento da conciliación do Concello de Catoira	8.614,96	43,00	5.814,96
SI435B 2017-27	Concello de Cerdedo-Cotobade	P3600048G	Ludoteca de verán	1.618,76	54,50	1.618,76



Nº de expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Actuación	Gasto elixible (*)	Puntos	Concesión
SI435B 2017-13	Concello de Corcubión	P1502800D	Tempo de lecer	7.643,10	37,50	7.643,10
SI435B 2017-32	Concello de Cuntis	P3601500F	Programa Cuntilín	30.464,00	55,50	12.000,00
SI435B 2017-21	Concello de Dodro	P1503300D	Programa de conciliación familiar, persoal e laboral	28.284,02	56,50	12.000,00
SI435B 2017-42	Concello de Guitiriz	P2702200C	Guitiriz concilia	7.976,90	50,00	6.291,60
SI435B 2017-14	Concello de Irixoa	P1504000I	Programa respira	4.539,40	36,50	4.539,40
SI435B 2017-12	Concello de Lousame	P1504300C	Lousame concilia	14.546,19	50,25	12.000,00
SI435B 2017-10	Concello de Melide	P1504700D	Conciliando, campamento de verán	16.800,00	34,00	12.000,00
SI435B 2017-57	Concello de Mondoñedo	P2703000F	Campamento de verán	1.605,73	35,25	1.605,73
SI435B 2017-44	Concello de Monterrei	P3205100E	As mesmas ilusións sen exclusións	6.776,00	36,50	6.776,00
SI435B 2017-06	Concello de Mugardos	P1505200D	Espazo infantil de xogo	9.634,00	33,50	7.714,00
SI435B 2017-41	Concello de Negreira	P1505700C	Programa Negreira concilia (merendas)	14.510,58	37,00	12.000,00
SI435B 2017-03	Concello de Oímbra	P3205400I	Programa de conciliación da vida laboral e familiar	5.587,39	36,50	5.587,39
SI435B 2017-05	Concello de Ortigueira	P1506200C	Concilia Ortigueira	5.580,00	44,00	5.580,00
SI435B 2017-09	Concello de Ourense	P2703800I	Ludoteca de verán	2.253,44	40,75	1.892,88
SI435B 2017-22	Concello de Outeiro de Rei	P2703900G	Programa municipal de conciliación familiar e apoio á educación	39.446,91	50,50	12.000,00
SI435B 2017-31	Concello de Paderne	P1506500F	Aulas de conciliación	11.196,21	40,50	11.196,21
SI435B 2017-17	Concello de Palas de Rei	P2704000E	Xogando no verán	7.720,62	37,50	7.112,87
SI435B 2017-18	Concello do Pereiro de Aguiar	P3205900H	Aula concilia	56.000,00	52,50	12.000,00
SI435B 2017-15	Concello de Piñor	P3206200B	Programa familias tardías	4.750,00	41,00	4.750,00
SI435B 2017-48	Concello de Pontearreas	P3604200J	Campus conciliación	21.169,53	32,75	12.000,00
SI435B 2017-50	Concello de Ponteceso	P1506900H	Programa respira	7.197,96	31,50	7.197,96



Nº de expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Actuación	Gasto elixible (*)	Puntos	Concesión
SI435B 2017-25	Concello de Porqueira	P3206300J	Programa Coidanenos	9.897,86	43,50	9.897,86
SI435B 2017-34	Concello de Redondela	P3604500C	Programa municipal de conciliación	36.460,61	46,50	12.000,00
SI435B 2017-53	Concello de Rianxo	P1507300J	Campamento urbano e Ludonadal	11.606,67	29,00	8.806,67
SI435B 2017-16	Concello de Ribadavia	P3207000E	Aviaconcilia	3.763,80	32,50	3.763,80
SI435B 2017-47	Concello de Rois	P1507500E	Concilia Rois	5.826,17	35,50	5.826,17
SI435B 2017-19	Concello de Santa Comba	P1507800I	Verán lúdico	20.614,44	42,00	10.307,22
SI435B 2017-36	Concello de Silleda	P3605200I	Apertura de centros fóra do horario escolar	26.921,76	40,50	12.000,00
SI435B 2017-56	Concello de Taboada	P2706000C	Campamento de verán	3.619,01	40,50	2.714,26
SI435B 2017-26	Concello de Teo	P1508300I	Divertiteo e Teo madruga	26.352,66	40,75	12.000,00
SI435B 2017-28	Concello de Valga	P3605600J	Actividades de conciliación	20.232,97	44,50	12.000,00
SI435B 2017-45	Concello de Vedra	P1509000D	Conxuga	38.603,16	48,50	12.000,00
SI435B 2017-07	Concello de Viana do Bolo	P3208700I	Medidas municipais de conciliación	1.355,48	42,00	1.355,48
SI435B 2017-33	Concello de Vigo	P3605700H	Atención domiciliaria á infancia	56.000,00	44,50	12.000,00
SI435B 2017-08	Concello de Vilamarín	P3208800G	Programa Pica Pau	19.025,30	48,50	12.000,00
SI435B 2017-37	Concello de Vilasantar (agrupado co Concello de Sobrado)	P1509100B	Campamento de verán	1.940,00	49,50	1.940,00
SI435B 2017-46	Concello de Xermade	P2702100E	Xermade concilia	5.894,81	44,50	5.305,33
SI435B 2017-11	Concello de Xinzo de Limia	P3203300C	Banco de tempo	49.437,14	49,50	12.000,00
SI435B 2017-29	Concello de Xove	P2702500F	Conciliando Xove	16.633,95	40,00	12.000,00
SI435B 2017-49	Concello do Carballiño	P3202000J	Bo día familia	27.660,00	49,50	12.000,00
SI435B 2017-55	Concello do Valadouro	P2706300G	Apertura do CEIP fóra do horario lectivo	14.668,64	42,00	12.000,00

(\*) Custos directos de persoal máis un 40 % e menos os ingresos, de ser o caso.





## b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (SI435A).

Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Actuación	Gasto elixible (*)	Puntos	Concesión
SI435A 2017/002	Concello da Guarda	P3602300J	Intervención integral con mulleres e os seus fillos e fillas vítimas de violencia de xénero	6.395,76	33,75	6.395,76
SI435A 2017/001	Concello de Allariz	P3200200H	Acompañamento a mulleres en situación de vulnerabilidade	10.000,00	35,25	10.000,00
SI435A 2017/013	Concello de Avión (agrupado co Concello de Melón)	P3200500A	Tecendo sororidades	5.302,30	48,25	5.302,30
SI435A 2017/012	Concello de Cambados	P3600600E	Grupos de apoio psicolóxico a mulleres vítimas de violencia de xénero	3.726,80	19,50	3.726,80
SI435A 2017/008	Concello de Coirós	P1502700F	Programa Violeta	840,00	25,75	840,00
SI435A 2017/004	Concello de Ortigueira	P1506200C	Proxecto Indira	700,00	21,50	700,00
SI435A 2017/006	Concello de Pontevedra	P3603800H	Programa de atención a fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero	6.955,20	26,00	6.955,20
SI435A 2017/009	Concello de Redondela	P3604500C	Grupo de autoestima	1.563,41	23,50	1.563,41
SI435A 2017/015	Concello de Ribadumia	P3604600A	Programa de intervención con fillos/as de vítimas de violencia de xénero	4.573,80	24,50	4.573,80
SI435A 2017/010	Concello de Soutomaior (agrupado cos concellos de Pazos de Borbén e Vilaboa)	P3605300G	Grupo de autocoñecemento para o bo trato	2.531,20	51,50	2.531,20
SI435A 2017/007	Concello de Teo	P1508300I	Obradoiro recursos saudables	1.512,00	17,50	1.512,00
SI435A 2017/014	Concello de Tomiño	P3605400E	Asesoramento xurídico a mulleres vítimas de violencia de xénero	6.776,00	28,00	6.776,00
SI435A 2017/011	Concello de Vigo	P3605700H	Atención psicolóxica a fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero	10.000,00	28,50	10.000,00
SI435A 2017/005	Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes	P1500003G	Máis alá da etiqueta	1.680,00	48,75	1.680,00

(\*) Custos directos de persoal máis un 40 % e menos os ingresos, de ser o caso.





## c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (SI427B).

Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/48	Concello da Coruña	P1503000J		35,00	Dirección do CIM	332	4.278,35	124	1.544,82	45.000,00
					As. xurídico	986	12.706,19	540	6.727,59	
					At. psicolóxica	1.010	13.015,46	540	6.727,59	
SI427B 2017/16	Concello da Estrada	P3601700B		19,00	As. xurídico	312	6.112,08	170	3.330,30	35.830,11
					At. psico./direc.	869	17.023,71	478	9.364,02	
SI427B 2017/08	Concello da Guarda	P3602300J		21,00	Dirección do CIM	852	16.690,68	444	8.697,96	43.528,98
					As. xurídico	262	5.132,58	170	3.330,30	
					At. psicolóxica	324	6.347,16	170	3.330,30	
SI427B 2017/07	Concello da Lama	P3602500E	Cerdedo-Cotobade, Fornelos de Montes	63,00	As. xur./direc.	1.058:30	20.000,00	592	10.000,00	48.000,00
					At. psicolóxica	537:15	10.000,00	600	8.000,00	
SI427B 2017/45	Concello da Laracha	P1504200E		38,50	At. psico./direc.	1.050	20.000,00	562	10.000,00	44.000,00
					As. xurídico	522	9.333,30	250	4.666,70	
SI427B 2017/43	Concello das Pontes de García Rodríguez	P1507100D		26,80	As. xurídico	150	2.938,50	90	1.763,10	33.773,16
					At. psico./direc.	973	19.061,07	511	10.010,49	
SI427B 2017/12	Concello de Ames	P1500200I		18,50	As. xurídico	1.040	20.000,00	520	10.000,00	44.000,00
					At. psicolóxica	504	9.333,33	252	4.666,67	
SI427B 2017/64	Concello de Arteixo	P1500500B		17,50	As. xurídico	300	5.877,00	170	3.330,30	31.089,33
					At. psico./direc.	725	14.202,75	392	7.679,28	
SI427B 2017/03	Concello de Arzúa	P1500600J		16,00	As. xurídico	320	6.268,80	145	2.840,55	21.549,00
					At. psicolóxica	420	8.227,80	215	4.211,85	
SI427B 2017/63	Concello de Avión	P3200500A	Melón	57,00	At. psico./direc.	750	14.692,50	370	7.248,30	32.127,60
					As. xurídico	350	6.856,50	170	3.330,30	





Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/58	Concello de Baiona	P3600300B		22,05	As. xurídico	329	6.321,00	221	4.246,00	45.000,00
					At. psicolóxica	306	5.879,00	210	4.034,00	
					Ax. igualdade	1.023	16.805,00	527	7.715,00	
SI427B 2017/69	Concello de Boiro	P1501100J		17,00	Dirección do CIM	579	11.340,00	289	5.660,00	45.000,00
					As. xurídico	490	9.333,00	245	4.667,00	
					At. psicolóxica	490	9.333,00	245	4.667,00	
SI427B 2017/10	Concello de Boqueixón	P1501200H	Touro	62,00	As. xur./direc.	523	9.333,33	262	4.666,67	28.000,00
					At. psicolóxica	493	9.333,33	247	4.666,67	
SI427B 2017/44	Concello de Bueu	P3600400J		23,00	As. xur./direc.	864	16.925,76	444	8.697,96	39.610,98
					At. psicolóxica	469	9.187,71	245	4.799,55	
SI427B 2017/78	Concello de Burela	P2706800F	Alfoz, O Valadouro	80,00	Dirección do CIM	851:30	16.680,89	450:30	8.825,30	77.620,49
					As. xurídico	845:30	16.563,35	486	9.520,74	
					At. psicolóxica	866:45	16.979,63	462	9.050,58	
SI427B 2017/76	Concello de Caldas de Reis	P3600500G	Barro, Portas	61,30	As. xurídico	396	7.757,64	196	3.839,64	42.289,56
					At. psicolóxica	396	7.757,64	196	3.839,64	
					Ax. igualdade	740	12.395,00	400	6.700,00	
SI427B 2017/28	Concello de Cangas	P3600800A		16,75	At. psico./direc.	814	15.946,26	439	8.600,01	31.010,97
					As. xurídico	200	3.918,00	130	2.546,70	
SI427B 2017/41	Concello de Carballo	P1501900C	Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso	56,00	Dirección do CIM	842	16.494,78	438	8.580,42	53.075,20
					As. xurídico	554	9.333,33	268	4.666,67	
					At. psicolóxica	575	9.333,33	268	4.666,67	
SI427B 2017/22	Concello de Cee	P1502300E	Corcubiión, Fisterra	59,50	As. xurídico	342	6.699,78	186	3.643,74	37.397,31
					At. psico./direc.	877	17.180,43	504	9.873,36	



Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/29	Concello de Chantada	P2701600E	Carballedo, Taboada	56,75	As. xur./direc.	1.022	20.020,98	504	9.873,36	41.618,95
					At. psicolóxica	382:30	7.493,17	216	4.231,44	
SI427B 2017/55	Concello de Coirós	P1502700F	Aranga, Betanzos, Oza-Cesuras, Paderne	61,80	Dirección do CIM	571	11.185,89	285	5.583,15	38.348,98
					As. xurídico	245	4.799,55	122	2.389,98	
					At. psicolóxica	245	4.799,55	204	3.996,36	
					Ax. igualdade	0	0,00	334	5.594,50	
SI427B 2017/36	Concello de Culleredo	P1503100H		11,00	At. psico./direc.	770	15.084,30	386	7.561,74	22.646,04
SI427B 2017/79	Concello de Curtis	P1503200F	Sobrado, Vilasantar	63,30	As. xurídico	293	5.739,87	150	2.938,50	33.532,37
					At. psicolóxica	479	9.250,00	246	4.750,00	
					Ax. igualdade	336	5.628,00	312	5.226,00	
SI427B 2017/56	Concello de Ferrol	P1503700E		26,80	As. xurídico	950	11.250,00	350	3.750,00	42.160,50
					At. psico./direc.	940	11.250,00	480	3.750,00	
					Ax. dinamización	462	7.738,50	264	4.422,00	
SI427B 2017/31	Concello de Gondomar	P3602100D		25,55	As. xurídico	488:24	8.034,28	241	3.965,80	27.520,66
					At. psicolóxica	138	2.270,87	69	1.135,44	
					Ax. igualdade	601	8.456,07	260	3.658,20	
SI427B 2017/49	Concello de Lalín	P3602400H	Agolada, Rodeiro	65,60	As. xurídico	999	9.333,00	499	4.667,00	52.000,00
					At. psico./direc.	895	9.333,00	447	4.667,00	
					Ax. igualdade	713	8.000,00	357	4.000,00	
					Ax. igualdade	713	8.000,00	357	4.000,00	
SI427B 2017/06	Concello de Lugo	P2702800J		25,00	As. xurídico	1.065	15.000,00	585	7.500,00	45.000,00
					At. psicolóxica	1087:30	15.000,00	585	7.500,00	



Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/57	Concello de Maceda	P3204400J		24,50	As. xurídico	285	5.583,15	160	3.134,40	37.113,25
					At. psico./direc.	936	18.336,24	513:30	10.059,46	
SI427B 2017/05	Concello de Marín	P3602600C		20,25	As. xurídico	488:30	9.569,72	226	4.427,34	43.989,35
					At. psico./direc.	1.016	19.903,44	515	10.088,85	
SI427B 2017/20	Concello de Melide	P1504700D		20,00	As. xurídico	150	2.500,00	165	3.200,00	14.000,00
					At. psicolóxica	285	5.400,00	155	2.900,00	
SI427B 2017/25	Concello de Moaña	P3602900G		25,00	As. xur./direc.	888	15.185,26	372	6.361,40	45.000,00
					At. psicolóxica	968:30	16.561,84	403	6.891,50	
SI427B 2017/19	Concello de Mondoñedo	P2703000F	Abadín, Lourenzá, A Pastoriza, Riotorto	66,80	As. xurídico	182	3.565,38	104	2.037,36	27.391,49
					At. psico./direc.	661	9.333,33	325	4.666,67	
					Ax. igualdade	265	4.438,75	200	3.350,00	
SI427B 2017/26	Concello de Monforte de Lemos	P2703100D	Bóveda, Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao, Sober	64,80	As. xur./direc.	818	16.024,62	444	8.697,96	47.028,15
					At. psicolóxica	351	6.876,09	172	3.369,48	
					Ax. igualdade	469	7.855,75	251	4.204,25	
SI427B 2017/34	Concello de Mos	P3603300I		10,25	Ax. xurídico	375	7.346,25	245	4.799,55	20.079,75
					At. psicolóxica	250	4.897,50	155	3.036,45	
SI427B 2017/39	Concello de Muíños	P3205200C	Bande, Lobeira, Lobios	68,80	As. xur./direc.	930	9.333,33	414	4.666,67	43.000,00
					At. psicolóxica	888	9.333,33	450	4.666,67	
					Ax. igualdade	604	10.000,00	304	5.000,00	
SI427B 2017/75	Concello de Muros	P1505400J	Carnota	54,80	As. xurídico	257	5.034,63	125	2.448,75	33.483,38
					At. psico./direc.	445	8.689,00	272	5.311,00	
					Ax. dinamización	450	7.000,00	300	5.000,00	



Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/67	Concello de Muxía	P1505300B	Dumbria	65,75	As. xur./direc.	793	15.534,87	494	9.677,46	32.343,09
					At. psicolóxica	240	4.701,60	124	2.429,16	
SI427B 2017/68	Concello de Negreira	P1505700C		32,75	As. xur./direc.	570	9.333,33	280	4.666,67	28.000,00
					At. psicolóxica	485	9.333,33	245	4.666,67	
SI427B 2017/42	Concello de Nigrán	P3603500D		20,00	As. xur./direc.	931	18.236,33	432	8.460,92	43.231,21
					At. psicolóxica	588	11.518,92	256	5.015,04	
SI427B 2017/77	Concello de Noia	P1505800A		28,75	As. xurídico	693	12.000,00	368	6.000,00	45.000,00
					At. psico./direc.	925	17.713,00	485	9.287,00	
SI427B 2017/72	Concello de Ortigueira	P1506200C	Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón	68,00	As. xur./direc.	763	14.947,17	486	9.520,74	50.209,17
					At. psicolóxica	840	16.455,60	474	9.285,66	
SI427B 2017/13	Concello de Ourense	P3205500F		22,00	At. psico./direc.	768	14.000,00	492	8.000,00	45.000,00
					As. xurídico	852	16.000,00	492	7.000,00	
SI427B 2017/32	Concello de Outes	P1506300A		34,00	As. xur./direc.	720	9.333,33	360	4.666,67	28.000,00
					At. psicolóxica	720	9.333,33	360	4.666,67	
SI427B 2017/73	Concello de Padrón	P1506600D		23,00	As. xurídico	340	6.660,60	188	3.682,92	19.766,31
					At. psicolóxica	330	6.464,70	151	2.958,09	
SI427B 2017/53	Concello de Palas de Rei	P2704000E	Antas de Ulla, Guntín, Portomarín	69,30	Dirección do CIM	735	14.398,65	425	8.325,75	78.649,95
					As. xurídico	1.050	19.369,50	595	10.556,05	
					At. psicolóxica	588	9.147,00	312	4.853,00	
					Ax. igualdade	735	7.603,00	425	4.397,00	
SI427B 2017/15	Concello de Poio	P3604100B		25,50	As. xur./direc.	876:30	15.000,00	494	7.500,00	45.000,00
					At. psicolóxica	1.017:30	15.000,00	570	7.500,00	



Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/71	Concello de Ponteareas	P3604200J		16,80	As. xurídico	307	6.014,13	145	2.840,55	25.032,18
					At. psico./direc.	864:30	8.867,00	500:30	5.133,00	
					Ax. igualdade	0	0,00	130	2.177,50	
SI427B 2017/46	Concello de Pontevedra	P3603800H		22,00	As. xurídico	304	5.955,36	158	3.095,22	34.233,52
					At. psico./direc.	833:30	16.328,26	452	8.854,68	
SI427B 2017/51	Concello de Quiroga	P2705000D	Ribas de Sil	54,25	As. xur./direc.	582	8.901,00	332	5.099,00	24.036,56
					At. psicolóxica	329	6.432,00	184	3.604,56	
SI427B 2017/62	Concello de Redondela	P3604500C		21,55	As. xurídico	555	7.235,70	278	3.624,36	45.000,00
					At. psicolóxica	895	11.668,37	511	6.662,00	
					Ax. igualdade	886:15	9.879,23	532	5.930,34	
SI427B 2017/38	Concello de Ribadeo	P2705100B	Barreiros, A Pontenova, Trabada	60,00	As. xur./direc.	700	13.713,00	380	7.444,20	30.560,40
					At. psicolóxica	320	6.268,80	160	3.134,40	
SI427B 2017/33	Concello de Ribeira	P1507400H		19,50	As. xur./direc.	852	16.690,68	426	8.345,34	41.726,70
					At. psicolóxica	564	11.048,76	288	5.641,92	
SI427B 2017/37	Concello de Santa Comba	P1507800I		38,00	As. xurídico	788	9.170,00	415	4.830,00	28.000,00
					At. psico./direc.	720	9.081,00	390	4.919,00	
SI427B 2017/65	Concello de Santiago de Compostela	P1507900G		31,55	As. xurídico	710	9.473,68	400	4.736,84	45.000,00
					At. psicolóxica	994	7.368,16	560	3.684,48	
					Ax. igualdade	994	13.158,16	560	6.578,68	
SI427B 2017/23	Concello de Sanxenxo	P3605100A		16,50	As. xurídico	450	8.815,50	228	4.466,52	34.928,97
					At. psico./direc.	681	13.340,79	424	8.306,16	



Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/70	Concello de Sarria	P2705700I	Láncara, O Páramo, Paradela, Samos	68,30	As. xur./direc.	1.022	20.000,00	525	10.000,00	56.000,00
					At. psicolóxica	510	9.333,33	268	4.666,67	
					Ax. igualdade	490	8.000,00	242:30	4.000,00	
SI427B 2017/52	Concello de Silleda	P3605200I		31,75	As. xur./direc.	943	18.473,37	438	8.580,42	36.966,33
					At. psicolóxica	324	6.347,16	182	3.565,38	
SI427B 2017/24	Concello de Soutomaior	P3605300G	Pazos de Borbén, Vilaboa	54,25	As. xurídico	320	6.268,80	160	3.134,40	39.403,20
					At. psico./direc.	1.120	20.000,00	560	10.000,00	
SI427B 2017/54	Concello de Teo	P1508300I		22,00	As. xurídico	311	6.092,49	152	2.977,68	33.518,49
					At. psico./direc.	852	16.690,68	396	7.757,64	
SI427B 2017/35	Concello de Valga	P3605600J	Moraña	54,05	As. xurídico	325	6.366,75	165	3.232,35	31.380,50
					At. psicolóxica	465	9.109,35	245	4.799,55	
					Ax. igualdade	308	5.159,00	162	2.713,50	
SI427B 2017/02	Concello de Viana do Bolo	P3208700I		28,00	As. xurídico	300	5.877,00	140	2.742,60	22.619,60
					At. psico./direc.	650	9.333,33	250	4.666,67	
SI427B 2017/61	Concello de Vigo	P3605700H		20,80	As. xurídico	733	14.000,00	367	7.000,00	45.000,00
					At. psicolóxica	733	14.000,00	367	7.000,00	
					Ax. igualdade	240	2.000,00	120	1.000,00	
SI427B 2017/30	Concello de Vilagarcía de Arousa	P3606000B		17,05	Dirección do CIM	886:07	16.398,00	439:52	7.999,00	45.000,00
					As. xurídico	330	6.107,00	165	3.000,00	
					At. psicolóxica	405	7.495,00	220	4.001,00	
SI427B 2017/11	Concello de Vilalba	P2706500B		22,50	As. xur./direc.	564	9.333,33	280	4.666,67	22.815,50
					At. psicolóxica	305	5.974,95	145	2.840,55	



Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/21	Concello de Viveiro	P2706700H		21,00	As. xur./direc.	1.004:45	19.657,52	529:15	10.342,48	35.000,00
					At. psicolóxica	327	3.333,00	156:30	1.667,00	
SI427B 2017/18	Concello de Xinzo de Limia	P3203300C		20,00	At. psico./direc.	830	16.000,00	404	7.500,00	45.000,00
					As. xurídico	725	14.000,00	395	7.500,00	
SI427B 2017/59	Concello de Zas	P1509400F		29,00	Dirección do CIM	898	16.922,11	444	8.430,38	45.000,00
					As. xurídico	350	6.595,48	170	3.227,85	
					At. psicolóxica	344	6.482,41	176	3.341,77	
SI427B 2017/27	Concello do Barco de Valdeorras	P3201000A		14,00	Dirección do CIM	873	17.102,07	497	9.736,23	43.901,19
					As. xurídico	272	5.328,48	160	3.134,40	
					At. psicolóxica	284	5.563,56	155	3.036,45	
SI427B 2017/14	Concello do Carballiño	P3202000J	Beariz, Boborás, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea	61,00	As. xurídico	346	6.778,14	170	3.330,30	35.947,65
					At. psico./direc.	866	16.964,94	453	8.874,27	
SI427B 2017/74	Concello do Grove	P3602200B		18,80	As. xurídico	295	5.779,05	155	3.036,45	40.234,14
					At. psico./direc.	828	16.220,52	468	9.168,12	
					Ax. dinamización	0	0,00	360	6.030,00	
SI427B 2017/09	Concello do Porriño	P3603900F		20,50	As. xur./direc.	912	17.866,08	396	7.757,64	35.262,00
					At. psicolóxica	328	6.425,52	164	3.212,76	
SI427B 2017/47	Mancomunidade de Concellos Santa Águeda	P3200027E	Amoeiro, Coles, A Peroxa, Vilamarín	62,80	As. xurídico	550	10.082,00	200	3.918,00	40.000,00
					At. psicolóxica	550	10.082,00	200	3.918,00	
					Ax. igualdade	1.100	8.000,00	400	4.000,00	





Nº expediente	Solicitante (por orde alfabética)	NIF	Concellos agrupados	Puntos	Acción	Nº horas 2017 (1)	Concesión 2017 (1)	Nº horas 2018 (2)	Concesión 2018 (2)	Total concedido entidade
SI427B 2017/40	Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes	P1500003G	Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo	75,80	Dirección do CIM	934:30	18.306,85	479	9.383,61	100.953,90
					As. xurídico	935	18.316,65	459	8.991,81	
					At. psicolóxica	948	18.571,32	524	10.265,16	
					Ax. igualdade	560	9.380,00	462	7.738,50	
SI427B 2017/60	Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín	P3200025I	Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín, Vilardevós	65,30	At. psico./direc.	847	16.592,73	560	10.970,40	41.344,70
					As. xurídico	423:30	8.296,37	280	5.485,20	
SI427B 2017/01	Mancomunidade do Salnés	P3600041B	Cambados, Meis, Ribadumia	77,80	As. xur./direc.	980	8.967,00	550	5.033,00	40.000,00
					At. psicolóxica	980	8.967,00	550	5.033,00	
					Ax. igualdade	980	8.000,00	550	4.000,00	
SI427B 2017/50	Mancomunidade I.V. Conso-Frieiras	P3200016H	A Gudiña, Riós	55,05	As. xurídico	280	5.485,20	176	3.447,84	31.174,04
					At. psico./direc.	697	9.333,33	381	4.666,67	
					Ax. igualdade	168	2.814,00	324	5.427,00	
SI427B 2017/04	Mancomunidade I.V. do Ribeiro	P3200021H	A Arnoia, Beade, Cenlle, Cortegada, Leiro	69,60	At. psico./direc.	705	10.784,95	310	6.072,90	44.901,16
					As. xurídico	130	2.546,70	75	1.460,35	
					Ax. igualdade	610	8.084,92	315	4.619,96	
					Ax. dinamización	525	7.210,88	300	4.120,50	
SI427B 2017/17	Mancomunidade Terra de Celanova	P8202502D	A Merca, Cartelle, Celanova, Gomesende, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás, Vereá	79,00	As. xur./direc.	798	9.333,36	390	4.666,64	22.933,04
					At. psicolóxica	306	5.994,54	150	2.938,50	

(1) Período: 1.4.2017 a 30.11.2017

(2) Período: 1.12.2017 a 31.3.2018



## ANEXO II

## a) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (SI435A).

Nº expediente	Solicitante	NIF	Actuación	Causa
SI435A 2017/003	Concello de Carral	P1502100I	Obradoiros de prevención da violencia de xénero e igualdade	Artigo 13.1 das bases reguladoras: non achega a documentación requirida mediante a Resolución do 25 de agosto de 2017 (DOG núm. 174, do 13 de setembro).
SI435A 2017/016	Concello de Padrón	P1506600D	Non especificada	Artigo 13.1 das bases reguladoras: non achega a documentación requirida mediante a Resolución do 25 de agosto de 2017 (DOG núm. 174, do 13 de setembro).

## b) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (SI427B).

Nº expediente	Solicitante	NIF	Causa
SI427B 2017/66	Concello da Pobra de Trives	P3206400H	Artigo 13.1 das bases reguladoras: non achega toda a documentación requirida mediante a Resolución do 25 de agosto de 2017 (DOG núm. 174, do 13 de setembro).
SI427B 2017/80	Concello de Ares	P1500400E	Artigo 10.1 das bases reguladoras: solicitude presentada fóra de prazo.

